

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 ✻ 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Alumbrantes e andadores

A única referencia que temos destes seres vénnos do Courel. Fálase de que os alumbrantes e/ou andadores eran (igual xa non existen) uns seres que andaban pola noite percorrendo os camiños. E engádese que ata hai ben pouco era costume asustar as crianzas máis rebeldes e atrevidas con frases coma esta:

—Mira que veñen os alumbrantes e os andadores e lévante!

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

PARADA JATO, Jesús Afonso, *Usos, costumes e cousas do Courel*, Toxosoutos, Noia, 2007, páx. 117.

Reigosa, Antonio (ed.) (2020): *Guía de campo da Galicia Encantada. Dos seres míticos e dos lugares que habitan*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.